

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA E COOPERACIÓN

**9271** *Real decreto 724/2020, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.*

O Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas aprobouse, na súa versión inicial, en 1977, e ao longo destes decenios sufriu numerosas modificacións. Aínda así, as circunstancias cambian de forma moi sensible e iso exige unha nova norma que regule de forma máis coherente, eficiente e equilibrada as funcións da Oficina de Interpretación de Linguas en si mesma, o corpo de tradutores e intérpretes e as condicións de nomeamento e exercicio profesional dos tradutores-intérpretes xuramentados.

En canto ás funcións da Oficina, non parece necesario efectuar grandes cambios, ben que é conveniente establecer a súa condición como órgano con competencias para decidir, en última instancia, sobre as discrepancias en materia de tradución que puidesen darse con outros organismos da Administración xeral do Estado.

En relación co corpo de tradutores e intérpretes, e debido ao incremento nas súas dotacións e á súa distribución interdepartamental, considerouse conveniente o cambio de denominación do corpo, que pasaría a ser corpo de tradutores e intérpretes do Estado, así como a necesidade de que a Oficina de Interpretación de Linguas poida impartir instrucións e fixar criterios no seu ámbito de actividade, que deberán seguir os seus membros.

Polo que se refire aos tradutores-intérpretes xuramentados, formúlase unha importante novidade baseada, por unha parte, na peculiaridade do título en España, xa que comprende tanto a tradución coma a interpretación (circunstancia que só se dá en Polonia e Romanía no ámbito da Unión Europea, o Espazo Económico Europeo e Suíza) e as consecuencias que iso ten en relación co recoñecemento de cualificacións profesionais obtidas noutros países do ámbito xeográfico mencionado. Por outra, a creación do Rexistro de Tradutores e Intérpretes Xudiciais, conforme o establecido na disposición derradeira primeira da Lei orgánica 5/2015, do 27 de abril, pola que se modifican a Lei de axuízamento criminal e a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para traspor a Directiva 2010/64/UE, do 20 de outubro de 2010, relativa ao dereito á interpretación e á tradución nos procesos penais, e a Directiva 2012/13/UE, do 22 de maio de 2012, relativa ao dereito á información nos procesos penais. Consecuencia de todo iso é a creación de dous novos títulos (tradutor xuramentado e intérprete xuramentado), mantendo o existente, que quedaría na condición de «a extinguir».

Os obxectivos da norma serían, polo tanto: 1) actualizar as funcións da Oficina de Interpretación de Linguas; 2) fixar as competencias da dita Oficina en materia de tradución e interpretación no ámbito da Administración xeral do Estado; 3) fixar a composición do corpo de tradutores e intérpretes, a súa nova denominación e as funcións dos seus integrantes; 4) regular a obtención dos títulos de tradutor xuramentado e intérprete xuramentado, e 5) levar a cabo o desenvolvemento regulamentario da disposición adicional décimo sexta da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado.

Na elaboración desta norma respectáronse os principios de boa regulación (necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia) conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria, segundo establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste sentido, a norma proxectada atende á necesidade de reformar a organización da Oficina de Interpretación de Linguas, así como o corpo de tradutores e intérpretes do Estado, e é eficaz e proporcionada no cumprimento deste propósito, sen afectar os

dereitos e deberes da cidadanía. Tamén contribúe a dotar de maior seguridade xurídica a organización e funcionamento da Oficina e os novos títulos de tradutor xuramentado e intérprete xuramentado. Cumpre tamén co principio de transparencia, xa que identifica claramente o seu propósito e a memoria, accesible á cidadanía, ofrece unha explicación completa do seu contido. En tal sentido, esta iniciativa normativa foi sometida a consulta pública previa e, posteriormente, ao trámite de audiencia e información pública do seu texto e a súa memoria da análise de impacto normativo.

Finalmente, é adecuada tamén ao principio de eficiencia, xa que non impón cargas administrativas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de agosto de 2020,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición adicional primeira. *Referencias normativas.*

As referencias ao corpo de tradutores e intérpretes e aos tradutores-intérpretes xuramentados noutras disposicións legais entenderanse realizadas, no que lles sexa aplicable, ao corpo de tradutores e intérpretes do Estado e aos tradutores xuramentados e aos intérpretes xuramentados, respectivamente.

Disposición adicional segunda. *Non incremento de gasto público.*

A aplicación deste real decreto non suporá incremento de gasto. As medidas incluídas serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias e non poderán xerar incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable ao título de tradutor-intérprete xuramentado.*

O título de tradutor-intérprete xuramentado obtido conforme a normativa anterior que fose de aplicación manterá a súa vixencia; os que o posúan conservarán os dereitos que aquel outorga de forma vitalicia. O título extinguirase por causa de morte dos seus titulares.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto e, en concreto, o Real decreto 2555/1977, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, e o artigo 8 da Orde AEC/2125/2014, do 6 de novembro, pola que se ditan normas sobre os exames para a obtención do título de tradutor-intérprete xuramentado.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación para ditar as disposicións necesarias en desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de agosto de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación,  
María Aránzazu González Laya

**REGULAMENTO DA OFICINA DE INTERPRETACIÓN DE LINGUAS DO MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA E COOPERACIÓN**

## CAPÍTULO I

**Das funcións e organización da Oficina de Interpretación de Linguas**

Artigo 1. *A Oficina de Interpretación de Linguas. Natureza e adscrición.*

A Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, baixo a dependencia da Secretaría Xeral Técnica dese departamento, é o máximo órgano da Administración xeral do Estado en materia de tradución e interpretación de linguas.

Artigo 2. *Funcións da Oficina de Interpretación de Linguas.*

Competen á Oficina de Interpretación de Linguas as seguintes funcións:

1. A tradución oficial para o castelán dos tratados e convenios internacionais en que sexa parte o Reino de España, así como doutros textos redactados en linguas estranxeiras cuxa publicación en castelán sexa preceptiva en virtude do ordenamento legal vixente.

2. A tradución para outras linguas estranxeiras dos textos que o Reino de España estea obrigado a proporcionar a outros Estados en virtude dos compromisos contraídos no ámbito do dereito internacional.

3. A tradución para o castelán ou para linguas estranxeiras de documentos de carácter diplomático, consular ou administrativo do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, así como de todos aqueles documentos que, emanando da Administración xeral do Estado, afecten as súas relacións exteriores e dos cales deba quedar constancia oficial.

4. O cotexo das traducións de tratados, convenios internacionais e outros textos redactados en linguas estranxeiras cuxa publicación en castelán sexa preceptiva en virtude do ordenamento legal vixente.

5. A interpretación en actos en que interveñan representantes da Administración xeral do Estado, tanto en territorio nacional como no estranxeiro, cando sexa requirida para iso.

6. A participación, en calidade de expertos lingüísticos en tradución, interpretación, ou ambas as dúas, en reunións de conferencias ou comisións encargadas da negociación de tratados, acordos e convenios internacionais, tanto en territorio nacional como no estranxeiro, e asistencia a outros ministerios e órganos da Administración xeral do Estado en materia de tradución e interpretación.

7. O cotexo, revisión ou tradución, segundo proceda, dos documentos remitidos polas autoridades xudiciais conforme o previsto nas normas procesuais, cando o Ministerio de Xustiza non prevexa outra canle para a prestación deste servizo.

8. A organización e cualificación dos exames de tradutores xuramentados e de intérpretes xuramentados e a revisión, cando así o soliciten os titulares dos órganos administrativos, xudiciais, rexistrals e demais autoridades competentes ante os que se presenten as traducións ou interpretacións realizadas polos tradutores xuramentados ou intérpretes xuramentados, segundo o caso.

9. A emisión de ditames e consultas relativos á tradución e interpretación de linguas e elaboración de glosarios terminolóxicos en materias da súa competencia.

10. En xeral, a realización de todas aquelas tarefas de tradución, para o castelán ou para outras linguas, ou de interpretación que, non estando comprendidas en ningún dos números anteriores, lle sexan encomendadas polas persoas titulares do Ministerio, a Subsecretaría ou a Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

11. En todo caso, a Oficina de Interpretación de Linguas será competente para decidir en última instancia en caso de discrepancias entre as súas traducións e as que poidan achegar outros órganos da Administración.

12. Impartir instrucións e determinar criterios en materia de tradución e interpretación ao conxunto dos membros do corpo de tradutores e intérpretes do Estado co obxecto de unificar as actuacións en materia de tradución e interpretación. Os membros do corpo de tradutores e intérpretes do Estado destinados fóra da Oficina de Interpretación de Linguas poderán solicitar a esta a emisión de criterios na materia.

#### Artigo 3. *Excepcións.*

A Oficina de Interpretación de Linguas non estará obrigada a traducir nin revisar as traducións de documentos escritos que, pola súa antigüidade ou as características da súa letra, resulten inintelixibles, mentres non sexan convenientemente descifrados por paleógrafos, peritos calígrafos e outros expertos autorizados.

Cando non poida atender unha solicitude, xa sexa polo volume e urxencia do traballo que se solicite ou pola non dispoñibilidade na Oficina de funcionarios do corpo de tradutores e intérpretes do Estado das linguas para as cales se solicite o servizo, a Oficina de Interpretación de Linguas asesorará o organismo solicitante para que este contrate os servizos dun profesional externo. Os gastos destes servizos serán por conta e cargo do organismo solicitante.

#### Artigo 4. *Relacións con outros organismos nacionais e internacionais.*

A Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación será, así mesmo, o órgano de comunicación coas institucións competentes en materia de tradución e interpretación de linguas da Unión Europea, de organismos internacionais e doutros países. Así mesmo, manterá contacto permanente con institucións similares das comunidades autónomas.

#### Artigo 5. *Adscrición de postos de traballo ao corpo de tradutores e intérpretes do Estado.*

Os postos de traballo da Oficina de Interpretación de Linguas que teñan atribuído o exercicio das funcións a que se refire o artigo 2 deste regulamento adscribíense con carácter exclusivo aos funcionarios do corpo de tradutores e intérpretes do Estado.

Nas relacións de postos de traballo do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e dos demais ministerios figurarán os postos que, en función dos criterios reflectidos no parágrafo anterior, estean adscritos aos funcionarios do corpo de tradutores e intérpretes do Estado.

## CAPÍTULO II

### **Do corpo de tradutores e intérpretes do Estado**

#### Artigo 6. *Denominación, composición e funcións.*

1. O corpo de tradutores e intérpretes do Estado estará integrado por aqueles que, logo da superación do oportuno proceso selectivo e do cumprimento dos demais requisitos establecidos, obtivesen a condición de tradutores ou de intérpretes, ou ambas as dúas, mediante o seu nomeamento polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. A condición concreta corresponderá ás características e denominación da praza a que optasen no proceso selectivo.

2. Os membros do corpo de tradutores e intérpretes do Estado desempeñarán as súas funcións conforme as características da praza mediante a que accedesen ao corpo, é dicir, de tradución directa, de tradución inversa ou de interpretación, para os idiomas dos cales tivesen que se examinar. As prazas de interpretación incluírán, de forma automática, tarefas de tradución, inversa ou directa, segundo resulte pertinente.

Artigo 7. *Postos de traballo.*

Calquera departamento ministerial poderá ter postos de traballo de tradutores e intérpretes. As ditas prazas estarán reservadas aos funcionarios do corpo de tradutores e intérpretes do Estado para o exercicio exclusivo das funcións que lles atribúe o artigo 6 deste regulamento.

Artigo 8. *Outorgamento do título de tradutor xuramentado ou intérprete xuramentado.*

O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación outorgaralles aos membros do corpo de tradutores e intérpretes do Estado que o soliciten o título de tradutor xuramentado ou intérprete xuramentado das súas linguas estranxeiras de traballo, na modalidade ou modalidades que correspondan ás características da praza mediante a que accederon ao corpo.

### CAPÍTULO III

#### **Dos tradutores xuramentados e dos intérpretes xuramentados**

Artigo 9. *Definición.*

1. Os tradutores xuramentados e os intérpretes xuramentados son profesionais aos cales o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación outorgou os seus respectivos títulos tras a superación dos exames ou, de ser o caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos que dispoña ao respecto a normativa vixente en cada momento para a obtención do título mediante o recoñecemento de cualificacións profesionais, incluídas as disposicións do dereito da Unión Europea.

2. Os títulos de tradutor xuramentado ou intérprete xuramentado non confiren aos seus titulares a condición de funcionario público nin supoñen o establecemento de ningún vínculo orgánico nin laboral coa Administración pública.

Artigo 10. *Exames e requisitos para acceder aos títulos de tradutor xuramentado ou intérprete xuramentado.*

1. A Oficina de Interpretación de Linguas convocará exames de tradución e de interpretación entre o castelán e as linguas estranxeiras que en cada convocatoria se determinen. O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación outorgará o título de tradutor xuramentado ou de intérprete xuramentado, segundo corresponda, a aqueles que superen os mencionados exames.

2. Os exames a que se refire o número anterior realizaranse, con carácter xeral, unha vez ao ano, de acordo co que determine o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, e poderase ampliar o dito prazo como máximo en dous anos en caso de non poder finalizar o proceso inmediatamente anterior. Para poder participar neles será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Posuír un título español de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, diplomado ou graduado. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán estar en posesión da correspondente credencial de homologación ou, de ser o caso, do correspondente certificado de equivalencia, emitidos polo ministerio competente.
- c) Posuír a nacionalidade española ou a de calquera outro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo ou de Suíza.

Artigo 11. *Outorgamento dos títulos mediante o recoñecemento de cualificacións profesionais.*

De acordo co disposto no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012, relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI), e na correspondente normativa vixente da Unión Europea, poderán solicitar o recoñecemento das súas cualificacións profesionais aqueles nacionais dos Estados membros da Unión Europea e dos países signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de Suíza que recibisen noutro ou noutros destes países a habilitación correspondente para exercer a profesión de tradutor xuramentado ou de intérprete xuramentado.

O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, a través da Oficina de Interpretación de Linguas, é competente para o recoñecemento das cualificacións profesionais de nacionais dalgún Estado membro da Unión Europea ou dos países signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de Suíza, logo de verificación da correspondencia entre a formación estranxeira e española, aplicando, se é o caso, as medidas compensatorias que se consideren oportunas.

Artigo 12. *Exercicio da actividade.*

1. Unha vez obtido o título de tradutor xuramentado ou de intérprete xuramentado, de acordo co establecido nos artigos 10 e 11 deste regulamento, o exercicio da actividade quedará condicionado á realización dos trámites de verificación da súa sinatura e selo. Os trámites de verificación de sinatura e selo, así como a entrega do título e do carné, serán realizados ben a través das delegacións e subdelegacións do Goberno para aqueles tradutores xuramentados e intérpretes xuramentados que residan en territorio nacional, ben a través das correspondentes oficinas consulares para aqueles que desempeñen a súa actividade desde un país estranxeiro.

2. O título de tradutor xuramentado ou de intérprete xuramentado habilitará para o exercicio da actividade, con independencia do seu lugar de residencia, e quedarán exentas de legalización as traducións ou interpretacións con carácter oficial que realicen e que deban producir efectos ante as administracións públicas españolas.

Artigo 13. *Rexistro de Tradutores Xuramentados e Intérpretes Xuramentados.*

1. Os tradutores xuramentados e os intérpretes xuramentados serán inscritos de oficio no Rexistro de Tradutores Xuramentados e Intérpretes Xuramentados do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, unha vez outorgado o correspondente título, e asignaráselles un número de rexistro correlativo, que será único con independencia da especialidade ou do número de idiomas para os cales obtivesen o título.

2. O Rexistro será único para todos os tradutores xuramentados e intérpretes xuramentados a que o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación outorgase o correspondente título. As delegacións e subdelegacións do Goberno, así como as oficinas consulares, poderán solicitar á Oficina de Interpretación de Linguas datos contidos no Rexistro, con fins informativos e estatísticos.

3. O tratamento dos datos contidos nel suxeitarase ás disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ou á normativa vixente no momento relativa á protección de datos de carácter persoal.

Artigo 14. *Listaxe de tradutores xuramentados e intérpretes xuramentados.*

Con carácter periódico e para efectos informativos, a Oficina de Interpretación de Linguas elaborará unha lista cos nomes e apelidos de todos os tradutores xuramentados e dos intérpretes xuramentados aos cales o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación outorgase o correspondente título ata esa data, con indicación, así mesmo, dos idiomas para cuxa tradución, interpretación, ou ambas as dúas, foron habilitados. Xunto con esta información, figurarán os seus datos de contacto e se están en exercicio activo, sempre que aqueles así o desexen e llo comuniquen á Oficina a través dos medios de que esta dispoña para tal fin e que se especificarán na orde de desenvolvemento do real decreto polo que se aproba este regulamento. A dita lista estará á disposición do público na páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e nos correspondentes taboleiros de anuncios.

Artigo 15. *Carné.*

A Oficina de Interpretación de Linguas expediralles aos tradutores xuramentados e aos intérpretes xuramentados, logo de solicitude e aboamento das taxas correspondentes, o oportuno carné acreditativo da súa condición de tales.

Artigo 16. *Honorarios.*

Os tradutores xuramentados e os intérpretes xuramentados fixarán libremente os honorarios que deban percibir polas súas actuacións.

#### CAPÍTULO IV

##### **Traducións e interpretacións de carácter oficial**

Artigo 17. *Traducións ou interpretacións con carácter oficial.*

1. Terán carácter oficial as seguintes traducións ou interpretacións dunha lingua estranxeira para o castelán e viceversa:

a) As certificadas pola Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

b) As realizadas por quen se encontre en posesión do título de tradutor xuramentado ou de intérprete xuramentado que outorga o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. Para que estas traducións e interpretacións teñan tal carácter oficial, deberán cumprir as condicións referentes a selo, certificación e comprobación da autenticidade do orixinal que se recollen no artigo seguinte. Os tradutores xuramentados e os intérpretes xuramentados desempeñarán o seu labor de acordo coas orientacións que, se é o caso, poida ditar a Oficina de Interpretación de Linguas en desenvolvemento deste regulamento.

c) As realizadas ou asumidas como propias por unha representación diplomática ou oficina consular de España no estranxeiro, sempre que se refiran a un documento público estranxeiro que se incorpora a un expediente ou procedemento iniciado ou presentado ante a dita unidade administrativa e que deba resolver a Administración española. Para que teñan tal carácter oficial, estas traducións e interpretacións deberán vir acompañadas dun certificado en que conste que foron realizadas ou asumidas pola correspondente representación diplomática ou oficina consular.

d) As realizadas por unha representación diplomática ou oficina consular de carreira estranxeira en España, sempre que se refiran ao texto dunha lei do seu país ou a un documento público deste. Para que teñan carácter oficial estas traducións e interpretacións, deberá constar, de forma fidedigna, que foron realizadas pola dita representación diplomática ou oficina consular.



2. Tamén terán carácter oficial aquelas traducións ou interpretacións dunha lingua estranxeira para o castelán, e viceversa, ás cales recoñeza tal condición a normativa vixente do dereito da Unión Europea.

Artigo 18. *Selo e certificación dos tradutores xuramentados e dos intérpretes xuramentados.*

1. Os tradutores xuramentados e os intérpretes xuramentados certificarán, coa súa sinatura e selo, a fidelidade e exactitude das súas actuacións.

2. No selo deberán figurar, polo menos en castelán, necesaria e exclusivamente, e sen adición de ningunha outra mención ou símbolo, os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos do tradutor xuramentado ou intérprete xuramentado.
- b) Idioma ou idiomas para cuxa tradución ou interpretación fose habilitado polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.
- c) Número de tradutor xuramentado ou intérprete xuramentado.

3. En todo caso, o contido do selo e a certificación deberán axustarse, respectivamente, aos modelos que se indican nos anexos I e II deste regulamento.

4. Os requisitos e as especificacións para o uso da sinatura electrónica e, de ser o caso, do selo electrónico estableceranse mediante orde ministerial, no prazo dun ano a partir da publicación deste regulamento.

5. Para os efectos da comprobación da autenticidade do orixinal a partir do cal se efectuou a tradución, deberá xuntarse copia daquel, selado e datado en todas as súas páxinas. No caso da interpretación, deberá acompañarse do rexistro de audio da interpretación e, de ser o caso, da súa transcripción.

## ANEXO I

### Selo de tradutor xuramentado

(NOME E APELIDOS)
Tradutor xuramentado de (IDIOMA)
N.º (NÚMERO DE REXISTRO)

### *Certificación de tradutor xuramentado*

«..... (nome e apelidos), tradutor xuramentado de ..... (idioma), en virtude de título outorgado polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, certifica que a que antecede é tradución fiel e exacta para o (lingua de destino) dun documento redactado en ..... (lingua de orixe) ..... (lugar), ..... (data).»

Sinatura

## ANEXO II

### Selo de intérprete xuramentado

(NOME E APELIDOS)
Intérprete xuramentado de (IDIOMA)
N.º (NÚMERO DE REXISTRO)

### *Certificación de intérprete xuramentado*

«..... (nome e apelidos), intérprete xuramentado de ..... (idioma), en virtude de título outorgado polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, certifica a fidelidade e exactitude da súa interpretación realizada en ..... (lugar), ás (horas) do ..... (data), con ocasión de .....

Achégase transcripción do contido da interpretación<sup>(1)</sup> ..... (lugar), ..... (data).»

Sinatura

<sup>(1)</sup> Inclúase só cando proceda.